

economía social, dos expertos en materia de economía social en representación de las organizaciones de economía social y la Universidad de las Illes Balears, siete personas en representación de las Consejerías del Gobierno de las Illes Balears, cuatro personas en representación de los consejos insulares (Mallorca, Menorca, Ibiza y Formentera) y una persona en representación de la Federación de las Entidades Locales de las Illes Balears. El precepto se cierra con una previsión en torno a la necesidad de nombrar miembros suplentes y respetar la paridad en aquellos casos en que a una organización le corresponda designar a dos miembros. Cabe señalar que el nombramiento de los miembros del Consejo se realiza por un período de cuatro años, permitiendo el artículo 4.2 la renovación en el cargo. En este sentido, puesto que nada se dice al respecto, parece perfectamente posible la renovación sin límite de los mandatos por períodos de cuatro años.

Los artículos 5 y siguientes del Decreto se dedican al análisis de los órganos del Consejo y su funcionamiento. El primero de ellos es el Pleno, integrado por todos los miembros del Consejo y que tiene como funciones, además de las especificadas en el artículo 2, adoptar el acuerdo de creación de las Comisiones Sectoriales. El Pleno debe reunirse con una periodicidad semestral en sesión ordinaria y, en todo caso, en sesión extraordinaria cuando las circunstancias lo requieran, a iniciativa de la Presidencia o a solicitud motivada de un tercio de sus miembros.

El siguiente órgano del Consejo es la Comisión del Cooperativismo, constituido por las personas que ejerzan la presidencia y la vicepresidencia del consejo, y por cinco personas que sean vocales del Pleno del consejo: tres por parte de las organizaciones que tengan asociadas cooperativas de trabajo, una en Mallorca, otra en Menorca, y otra en Ibiza y Formentera; y dos, para el resto de asociaciones de cooperativas. El artículo 6.2 atribuye a la Comisión el tratamiento de todas las cuestiones que afecten, de manera exclusiva, al cooperativismo y su desarrollo. No obstante, el apartado sexto del citado precepto le atribuye unas funciones específicas que poco o nada se diferencian de las establecidas para el Consejo en el artículo 2º. La Comisión del Cooperativismo viene a actuar como una “comisión permanente” que se reunirá de manera ordinaria cada tres meses y de manera extraordinaria según lo previsto en relación al Pleno. La presidencia del órgano corresponde al Presidente del Consejo quién, no obstante, -como específicamente señala el artículo 9.4- podrá delegar en la vicepresidencia del consejo.

Por último, el artículo 7 hace referencia a las Comisiones Sectoriales, es decir, grupos de trabajo constituidos para elaborar borradores de

propuestas, informes, o estudios sobre materias propias de la competencia del Consejo que haya de aprobar el Pleno. Si bien las comisiones han de estar integradas por miembros del Pleno, se abre la puerta a que personas expertas en las materias objeto de debate se incorporen a las mismas (art. 7.2).

El articulado del Decreto se cierra con un precepto que, bajo la rúbrica “indemnizaciones”, únicamente confiere a los asistentes a plenos y comisiones los gastos correspondientes a desplazamiento, alojamiento y manutención, con los mismos límites que, para estos conceptos establece el Decreto 54/2002, de 12 de abril por el cual se regulan las indemnizaciones por razón del servicio del personal al servicio de la Administración de la Comunidad Autónoma de las Illes Balears y sus actualizaciones.

Finalmente, conviene señalar que el Decreto no se pronuncia sobre aspectos clave como los relativos al número de miembros exigidos para la válida constitución del Pleno, mecanismos de votación, mayorías exigidas para la toma de acuerdos, etc, por lo que habrá que esperar a una futura normativa sobre organización y funcionamiento del Consejo para conocer estos extremos.

Cooperativismo e Economía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 151-156

“CREACIÓN E REGULACIÓN DO CONSELLO REXIONAL DE ECONOMÍA SOCIAL DE CASTELA E LEÓN”.

María Luisa CABELLO LÓPEZ.

Tendo en conta a súa propia realidade social, particularmente a configuración do seu tecido produtivo, a Comunidade de Castela e León prevé a realización de diversas actuacións de promoción da chamada Economía Social. A primeira destas actuacións debe ser a de recoñecer aos representantes da Economía Social como interlocutores e traballar conxuntamente con eles no deseño e posta en práctica das medidas que dende a Xunta de Castela e León se prevean desenvolver para a promoción deste sector. De acordo con este razoamento, a Administración da Comunidade, mediante o Decreto 11/2009, de 29 de xaneiro, crea o Consello Rexional de Economía Social de Castela e León (Boletín Oficial de Castela e León de 4 de febreiro), buscando convertelo nun lugar adecuado para diseñar e poñer en marcha todas aquelas actuacións que se estimen necesarias para a promoción e difusión da Economía Social, así como para elaborar estudos e análisis que faciliten o coñecemento deste sector. Consta este Decreto dunha breve exposición de motivos, de tres capítulos cun total de once artigos, dunha disposición adicional e de tres disposicións derradeiras (“*prazo de constitución*” máximo de dous meses; “*facultades de desenvolvemento*”, atribuídas ao Conselleiro de Economía e Emprego da Xunta de Castela e León; e “*entrada en vigor*” ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial de Castela e León).

Pois ben, no Capítulo I (“*Natureza e funcións*”), despois de indicar o artigo 1 que o obxecto do Decreto é a creación do Consello Rexional de Economía Social de Castela e León, a regulación das súas funcións, competencias, composición e funcionamento, adscribíndoo á Consellería competente en materia de Economía Social, o artigo 2 concreta especificamente as

funcións e competencias deste. Constituíndose o Consello como o órgano colexiado asesor e consultivo da Administración da Comunidade de Castela e León, para a promoción e difusión da Economía Social, poderá exercer, entre outras, as seguintes competencias:

a) Competencias de carácter consultivo e asesor: Elaborar propostas, dictámes e estudos en relación coas cuestións que afectan á Economía Social; recibir información sobre os plans, programas e actuacións desenvolvidas pola Xunta de Castela e León que afecten ao ámbito da Economía Social; coñecer con carácter previo os anteproxectos de lei ou os proxectos de normas regulamentarias de desenvolvemento de normas legais, en relación coas materias da súa competencia; e propoñer a elaboración de proxectos normativos concernentes ao ámbito da Economía Social que melloren o funcionamento destas fórmulas empresariais.

b) Competencias de promoción: participar, facilitar e colaborar na investigación de programas de desenvolvemento da Economía Social; impulsar, en coordinación coa Administración Autonómica, a constitución de empresas de Economía Social e a consolidación das xa existentes; organizar servizos de interese común para as organizacións representativas das empresas de Economía Social de Castela e León; elaborar medidas que persigan o fomento da vocación empresarial no ámbito da Economía Social e o fortalecemento das capacidades e formación dos traballadores da Economía Social; realización de actuacións cuxo obxectivo sea conseguir a inserción das novas tecnoloxías e da Sociedade da Información no sector da Economía Social; propoñer a adopción de medidas para lograr a internacionalización da Economía Social; e elaborar propostas de actuación de carácter económico e social que incidan no desenvolvemento económico e na creación do emprego no sector da Economía Social.

c) Competencias de difusión: propoñer actuacións dirixidas a ofrecer un maior coñecemento da Economía Social, da súa realidade e da súa potencialidade; difundir os valores e principios propios da Economía Social en toda a sociedade; incidir nos demais axentes sociais e económicos para que coñezan as potencialidades da Economía Social e a súa función social, así como as súas realidades; promover a educación e a formación nos valores propios da Economía Social así como a importancia do carácter emprendedor e as posibilidades do autoemprego colectivo en todos os niveis educativos, dende a escola primaria ata a universidade; e impulsar unha política sistemática de comunicación dos seus propios obxectivos e actividades.

O primeiro dos dous artigos que integran o Capítulo II (“*Composición*”) establece quen formarán parte de Consello Rexional. En concreto, este terá

a seguinte composición: a) O Presidente, que será o titular da Consellería competente en materia de economía social; b) o Vicepresidente Primeiro, que será o titular da Viceconsellería competente en materia de emprego; c) o Vicepresidente Segundo, que será o titular da Dirección Xeral competente en materia de economía social; d) once vocais, designados polo Presidente, a proposta das seguintes Consellerías: Un pola Consellería da Presidencia; un pola Consellería de Interior e Xustiza; un pola Consellería de Facenda; catro pola Consellería de Economía e Emprego; un pola Consellería de Fomento; un pola Consellería de Agricultura e Gandería; un pola Consellería de Familia e Igualdade de Oportunidades; e un pola Consellería de Educación; e) oito vocais, propostos polas entidades asociativas de Economía Social de ámbito rexional, en función da súa representatividade e implantación territorial. Alomenos, deberán estar representadas as Sociedades Cooperativas, Sociedades Laborais, Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción; f) dous vocais propostos polas organizacións sindicais máis representativas de Castela e León, de acordo coa normativa laboral vixente; g) dous vocais propostos polas organizacións empresariais máis representativas de Castela e León, de acordo coa normativa laboral vixente; dous vocais designados polo Presidente entre persoas con recoñecido prestixio académico no ámbito da Economía Social; e h) un vocal proposto pola Federación Rexional de Municipios e Provincias de Castela e León. É importante subliñar que ao igual que sucede na nosa Comunidade co Consello Galego de Cooperativas [*cfr.* o artigo 4, apartado segundo, do Decreto 25/2001 Decreto 25/2001, de 18 de xaneiro, “*polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas*” (Diario Oficial de Galicia de 7 de febreiro)], o Secretario actuará con voz pero sen voto, sendo un funcionario da Consellería competente en materia de Economía Social, designado polo presidente do Consello.

O mandato dos vocais do Consello Rexional de Economía Social terá unha duración de catro anos. O seu nomeamento realizarase polo Presidente, a proposta das respectivas Consellerías, das Entidades Asociativas de Economía Social e das Organizacións Sindicais e Empresariais máis representativas, no caso dos designados a proposta destas. Ha de subliñarse que a duración do mandato poderá renovarse sucesivamente (artigo 4).

O Capítulo III (“*Funcionamento*”), o máis amplo do Decreto, reúne sete artigos. No primeiro deles, no artigo 5, ponse de manifesto que o Consello Rexional de Economía Social de Castela e León funciona tanto en Pleno coma en Comisión Permanente. Os seus membros poderán comunicar por

escrito, antes do inicio da sesión correspondente, ao Secretario do órgano respectivo, a designación de suplentes, de acordo co previsto no artigo 56, apartado terceiro, da Lei 3/2001, de 3 de xullo, de “*normas reguladoras do Goberno e Administración da Comunidade de Castela e León*” (Boletín Oficial de Castela e León de 6 de xullo): “*No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, os vocais titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes, se os houbese.*”

Cando se trate de órganos colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, estas poderán substituír aos seus vocais por outros, acreditándoo previamente perante a Secretaría do órgano colexiado”.

Pola súa banda, o Pleno, o órgano supremo de dirección e decisión do Consello Rexional de Economía Social, está composto por todos os membros do Consello e máis polo seu secretario. Correspóndelle o exercicio das competencias previstas no artigo 2, xa apuntadas, e ademais as seguintes: a) Realizar un informe anual sobre as actuacións realizadas perante o exercicio polo Consello Rexional de Economía Social e os resultados obtidos, que será aprobado dentro do primeiro semestre do ano seguinte; b) aprobar as normas de funcionamento interno do Órgano; e c) acordar a creación de Comisións Especiais, así como a súa composición e funcionamento.

Como vén sendo habitual (*cf.* o artigo 8, apartado segundo, do xa citado Decreto galego 25/2001, se ben fálase de seis meses e non dun ano), o Pleno reunirase en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao ano, e con carácter extraordinario previa convocatoria da Presidencia do Consello Rexional de Economía Social, a iniciativa propia ou por petición da cuarta parte dos membros do Consello (artigo 6).

Respecto da Comisión Permanente (artigo 7), o órgano encargado de propor acordos ao Pleno, dos asuntos de trámite, de preparación ou de estudo, cabe sinalar que lle corresponden as seguintes competencias: a) Elaborar propostas e dictames en relación cas cuestións que afectan á Economía Social; b) elevar ao Pleno a proposta de informe anual sobre as actuacións realizadas durante o exercicio polo Consello Rexional de Economía Social e os resultados obtidos; c) elevar ao Pleno a proposta de creación de Comisións Especiais, e da súa composición e funcionamento; d) realizar o seguimento dos acordos do Pleno; e) recibir información periódica sobre as actividades da Dirección Xeral competente en materia de fomento da Economía Social e do desenvolvemento dos seus plans e programas establecidos e propor cantas medidas considere adecuadas para